

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 03/01/1955

Colección:

Data: 03/01/1955

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orixes:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Campeiros; Lonxe; Artes; Artes visuais; Literatura;

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Raimundo García Domínguez, "Borobó"; Domingo García-Sabell; Carlos Maside;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 03/01/1955

Compostela, 3-1-55

Querido Seoane:

No mes pasado chegou ás miñas mans o teu album Campesinos. Nunca poderás maxinarte a inmensa alegría que tiven cando Domingo mo entregou. Xa o tiña contemplado dúceas de veces na casa do Paco, sempre con nova emoción. Pra che espresar con verbas o meu agradecemento, tería que saber traducir os sentimentos en palabras co-a mesma pureza con que ti os sabes traducir en liñas e coores. Ben sabes, querido amigo meu, que non teño ise don. Recibe, pois, a miña gratitude inda que seña espresada cáseque en silencio. Por se tratar de un dises libros ós que un normalmente no pode chegar cos medios propios, a súa posesión prodúxome unha mezcla de ledicia e de estraneza, mesmo coma si non me correspondese telo. Tranquilizouse a miña concencia ó pensar que eiquí á miña casa veñen moitos que, estando en condicións semellantes, poderán disfroitir plenamente na súa contemplación. Moitos dos rapaces galegos que levan no peito a quentura do amor ós nosos valores espritoás, veñen adoito cabo de min. Satisfaieme moito o poderlles amostrar o teu album – i-en xeneral o que ahí facedes– como exemplo i-estímulo pra as suas arelas. ¿Non é iste o destino máis nobre e máis auténtico do voso labor?

Xa sei que che gustou a monografía do Maside. Non deixes de llo decir a íl, pois alegrarase infinito co-a tua aprobación. A tua, que axiña estará lista, tamén che gustará. Estou seguro.

Mándoche iste artigo que lle entregara a Borobó pra o extraordinario de fin de ano. Como no mesmo número iba a saír a tradución do artigo de Domingo adicado a Lonxe, o meu terá carácter máis xeneral. Saíron os dous ocupando unha mesma páxina adicada ás letras galegas na emigración. Por moitas razóns, eu quixen destacar, máis que unha obra individual, a vitalidade da cultura galega fora de Galicia. O título tan periodístico do artigo é obra do Borobó. Eu puxéralle iste: Creciente amplitud de nuestra cultura, que íl aproveitou pra titular a páxina. O artigo de Domingo xa o conocedes, fermoso coma un verdadeiro poema.

Os meus desexos agora ó comenar iste novo ano son de que poidamos xuntarnos todos, vós e nós, nunha gran romaría eiquí na terra durante o ano 55.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.